



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL MEDIANTE O QUE SE CANALIZA UNHA SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS PARA A A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS E O XVII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA, DURANTE O ANO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (en diante, (en diante, FGCMF) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Canalizar a subvención prevista nominativamente na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a favor da FGCMF, co fin de financiar as actuacións previstas ata o 30 de decembro de 2025, consistentes na dinamización das embarcacións tradicionais e o XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais ee Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a favor de FGCMF, por un importe de 10.000,00 euros na aplicación 16.03.722A.481.6 (proxecto 2015 00595) e por un importe de 48.000,00 euros na aplicación orzamentaria 16.03.722A.781.6 (proxecto 2015 00595).
- De conformidade co establecido nos artigos 19.4 a) e 26.1 e 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
P.A. Disposición Adicional primeira do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, DOG n.º 58,
do 26 de marzo
A secretaria xeral técnica
Marta Barreiro Castro

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

